



BOTICA DE PRIMEIRAS AXUDAS

Normativa reguladora.-

* A Orden TAS/2947/2007, de 8 de outubro, establece o subministro das boticas con material de primeiras axudas nos casos de accidente de traballo, por parte das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais ás empresas respecto de cuxo persoal traballador, asuma a protección polas continxencias profesionais, como parte integrante da acción protectora do sistema da Seguridade Social.

[Accede á Orden TAS/2947/2007.](#)

* Dita orde remite ao Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposición mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, os cales deberán cumprir as disposicións mínimas establecidas nel, entre outras, a existencia nos mesmos do material para a prestación de primeiras axudas aos traballadores accidentados.

O dito Real Decreto determina no seu anexo VI.A.3 o seu contido mínimo.

[Accede ao Real Decreto 486/1997.](#)

Contido .-

O dito Real Decreto, sinala respecto do contido mínimo da caixa de material de urxencias, que debe existir en todo lugar de traballo:

Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, todo lugar de traballo deberá dispor como mínimo, dunha botica portátil que conteña **desinfectantes e antisépticos autorizados, gasas estériles, algodón hidrófilo, venda, esparadrapo, apósitos adhesivos, tesoiras, pinzas e luvas dun so uso.**

O dito material deberá ser revisado periodicamente e reporase unha vez caduque ou sexa utilizado.



En consecuencia o contido da botica é o seguinte:

- ☐ Auga Osixenada (250 ml)
- ☐ Botella Alcol (250 ml)
- ☐ Caixa de tiritas (20 Ud.)
- ☐ Povidona Iodada (50 cc)
- ☐ Gasa de algodón hidrófilo (sobres de 5 ud)
- ☐ Algodón hidrófilo enrolado (paquete 100 grs)
- ☐ Vendas de gasa (algodón hidrófilo 5m x 5 cm)
- ☐ Vendas de gasa (algodón hidrófilo 5m x 7 cm)
- ☐ Esparadrapo de tela (5 m x 2,5 cm)
- ☐ Tesoiras metálicas
- ☐ Pinza metálica
- ☐ Luvas de látex (par)
- ☐ Caixa de tiritas detectables (100 ud)
- ☐ Suero unidosis 5 ml (18 monodosís)

Este contido pode ser ampliado en función dos riscos de cada empresa, neste sentido o Anexo VI.A.1 sinala que:

Os lugares de traballo disporán de material para primeiros axudas en caso de accidente, que deberá ser adecuado, en canto a súa cantidade e características, ao número de traballadores, aos riscos aos que esten expostos e as facilidades de acceso ao centro de asistencia médica máis próximo. O material de primeiras axudas deberá adaptarse ás atribucións profesionais do persoal habilitado para a súa prestación.

Procedemento de Solicitude.-

Os centros educativos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que estean interesados en adquirir a caixa de material de primeiras axudas ou renovar o seu contido, **terán que xestionar directamente a súa propia solicitude con Ibermutua Gallega enviando os datos que de seguido se sinalan, ou achegando o formulario de solicitude, aos enderezos electrónicos correspondentes seguintes:**



Datos	CIF do centro Nome do centro Dirección do centro Teléfono do centro Persoa de contacto (Director/a ou integrante do equipo directivo) Horario de entrega Número de botiquíns ou reposición (indicación do material a repoñer)
Enderezos electrónicos	
A Coruña	delcoruna@ibermutua.es
Lugo	dellugo@ibermutua.es
Ourense	delourense@ibermutua.es
Pontevedra	delpontevedra@ibermutua.es
Santiago de Compostela	delsantiago@ibermutua.es
Ferrol	delferrol@ibermutua.es